

## Actualización das normas que regulan os ensaios e actividades con piano acompañante

---

Curso 2020/21

Tendo en conta as normas recollidas nas N.O.F. do centro en relación aos ensaios e actividades con piano acompañante (artigo 60) e a actual situación socio-sanitaria relacionada coa covid-19, establécense as seguintes modificacións e/ou actualizacións de ditas normas para o 2º e 3º trimestre do curso 2020-2021.

### 1. ENSAIOS

- a) Poderá ensaiar e realizar actividades con piano acompañante todo o alumnado das especialidades de vento, canto e corda, independentemente do curso.
- b) Os ensaios estableceranse en tramos de 30 minutos, dedicando os 5 primeiros e últimos á ventilación da aula.
- c) Con carácter xeral o número de ensaios que se consideran necesarios e recomendables para cada obra ou movemento é de 2 en 1º, 2º e 3º curso de grao elemental, e de 3 nos demais cursos.
- d) A reserva dos ensaios farase unicamente mediante a aplicación dispoñible na web do centro. Enlace directo: <https://cmussantiago.reservaensayos.com/>
- e) Poderase reservar como máximo un ensaio por semana. Non está permitido reservar ensaio se o repertorio que se pretende ensaiar non está completamente montado (preparado) polo que a reserva deberá ser autorizada polo titor/a correspondente.
- f) Para diminuír o número de ensaios e, polo tanto, o tempo no centro e os riscos relacionados con posibles contaxios da covid-19, recoméndase que o alumnado traballe varias obras ou movementos no mesmo ensaio se é posible, especialmente o alumnado de grao elemental.

### 2. AUDICIÓNS E CONCERTOS

- a) Só se autorizará aos departamentos didácticos a realización de concertos e/ou audicións sen público, que poderán gravarse ou retransmitirse por streaming sempre que se respecten as normas en relación ao covid-19 e se autorice o uso de imaxen dos participantes. Será a Vicedirección do centro quen regule, xestione os espazos, estableza os prazos de solicitude para os departamentos e autorice ditas actividades, que en todo caso deberan estar acordadas previamente co pianista correspondente.

Estas normas poderanse modificar e/ou actualizar ao longo do curso en función dos cambios na situación sanitaria ou das instrucións das autoridades competentes.

Santiago de Compostela, a 8 de xaneiro de 2021.